

COMO CUBRIR UNHA SOLICITUDE OU INSTANCIA

Que é unha instancia ou solicitude?

Unha solicitude ou instancia é un documento escrito dirixido a un organismo ou autoridade pública aos que se lle solicita algo ou ante os que se expón unha reclamación coa explicación dos motivos nos que se basean. A maior parte dos organismos públicos dispoñen de impresos destinados a este fin

ESTRUTURA OU PARTES DA SOLICITUDE

A) Un Encabezamento

Datos persoais da persoa que asina a solicitude: nome, apelidos, domicilio, teléfono, etc

B) Exposición de motivos

Iníciase coa palabra **EXPOÑO**, seguida de dous puntos e, normalmente, termínase coa expresión "por iso".Débese describir as circunstancias e as causas que motivan a solicitude, de maneira sistemática e esquemática; débense expoñer todos os datos de forma argumentada.

C) Petición ou exposición da solicitude

Comézase coa palabra **SOLICITO**, seguida de dous puntos.

Por exemplo,

SOLICITO:

Que sexa concedido....,

SOLICITO:

Que se acepte esta petición de

D) A despedida debe indicar

Data: lugar, día, mes e ano

Firma de quen presenta a instancia

Nome do organismo, institución, ou autoridade a quen se dirixe a instancia; estes nomes deben ir escritos todos en maiúsculas.

Exemplo 1

COMUNIDADE DE PROPIETARIOS

David González

C/ Piso, Muros

Estimado señor Fulano:

EXPÓN:

Que o motivo da presente é dirixirme a vostede como Presidente da miña Comunidade de Propietarios, solicitando a súa colaboración para acceder a un novo servizo de telecomunicacións, máis concretamente a unha rede sen fíos de acceso a internet.

Como vostede sabe, conforme ao previsto na Real Decreto – Lei 1/1998 do 27 de febreiro, recoñece de forma expresa o dereito de calquera copropietario dun réxime de propiedade a acceder aos devanditos servizos de telecomunicacións.

En tal sentido, infórmolle que se trata dunha pequena instalación, un receptor de non máis de 1,5 quilogramos de peso, que pode ser instalado en calquera mastro existente e un pequeno cable de reducido diámetro. Ambas as instalacións son totalmente compatibles con calquera outras instalacións e servizos de telecomunicacións.

Por iso **SOLICITO:**

Que unha vez solicitadas as autorizacións pertinentes por parte da Xunta de Propietarios da nosa Comunidade da que vostede é o representante legal, indíqueme as medidas para seguir para realizar a instalación indicada.

Data e firma

SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE PROPIETARIOS DA NOSA COMUNIDADE

Datos necesarios para a nosa solicitude:

- Solicitar a autorización para organizar unha festa en [Lugar] o [Data].

A finalidade deste evento é celebrar e promover a cultura galega, así como fomentar a interacción e o intercambio entre os asistentes.

A continuación, proporciónolle información detallada sobre a festa:

Data:

Horario:

Lugar:

Duración Estimada:

Actividades planificadas:

- Música
- Baile
- Degustación de pratos típicos destas datas
- Concurso disfraces

Recursos necesarios:

- Espazo adecuado para o evento.
- Equipo de son
- Material promocional y decorativo.
- Persoal de apoio para a organización e loxística.

Comprometémonos a cumprir con todas as normas e ademais, encargarámonos da limpeza e a orde do lugar entre todo o alumnado do IES despois da festa.